



BANDO DA ALCALDÍA: ACTIVACIÓN DE MEDIDAS DE PREALERTA NO ABASTECIMIENTO E CHAMAMENTO PARA A UTILIZACIÓN RESPONSABLE DA AUGA

Desde a alcaldía do Concello de Bueu dítase un **BANDO** para que a cidadanía teña en conta as **MEDIDAS DE PREALERTA NO ABASTECIMIENTO E CHAMAMENTO PARA A UTILIZACIÓN RESPONSABLE DE AUGA**:

Debido ao problema da seca, dende o Concello de Bueu adoptaranse as seguintes medidas de aforro e recomendacións:

- Restrición de regos e baldeos de rúa e parques
- Restrinxir ou mesmo suprimir o uso das duchas nas praias
- Evitar o lavado innecesario dos coches
- Limitar o uso da auga en piscinas
- Reutilizar a auga para outros usos e así evitar problemas maiores na época na que nos adentramos, cando menos chove e a demanda de auga aumenta.

As medidas adoptadas na situación de prealerta buscan a anticipación ante un posible episodio futuro de escaseza de auga, así coma a toma de conciencia dos concellos e cidadanía en xeral sobre a necesidade de facer un consumo responsable.

Con só uns pequenos xestos diarios podemos axudar a coidar e consumir a auga de maneira responsable. Por iso propóñense unha serie de recomendacións para a cidadanía:

- **Asegúrate de PECHAR BEN A BILLA, non deixes que gotee. Aforro 30L/día.**
- **Elix DUCHA en lugar de baño. Aforro 60L.**
- **Se deixas correr a auga para que se arrefría ou queza, recóllea nun recipiente e APROVÉITAA para outros usos. Aforro 15 a 25 L/minuto.**
- **Pecha a auga da ducha mentres TE ENXABONAS OU LAVAS O PELO. Aforro 150L.**
- **Pecha a billa mentres CEPILLAS OS DENTES. Aforro 5/10 L/min.**
- **LAVA froitas e verduras nun recipiente. Aforro 15 a 25L /minuto.**
- **Utiliza a LAVADORA a plena carga. Aforro 200L por cada lavado.**
- **Non empregues o INODORO como papeleira e tira da cadea só cando sexa necesario. Aforro 20 L.**
- **Minimiza o rego de xardíns axustando o consumo todo o posible.**

O alcalde de Bueu

Félix Juncal Novas

(Documento asinado electronicamente á marxe)

